



### ANUNCIO

En data 15/07/2021 o Concelleiro responsable da área de economía e facenda ditou a seguinte resolución da que se transcribe o seu texto integro:

#### **"SELECCIÓN DE CANDIDATURA NA CHAMADA A PROXECTO: NOVA IMAXE CORPORATIVA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

O día 18 de xuño de 2021 publicouse no taboleiro de anuncios do Concello así como no perfil de contratante da páxina web do Concello de Pontevedra as bases reguladoras da Chamada a proxecto: Nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra

O prazo para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas iniciouse o 21 de xuño de 2021 e rematou o 2 de xullo de 2021 (ambos incluídos)

Examinadas as solicitudes de participación resultou que a presentada por Raúl Bermúdez Domínguez non cumpre cos requisitos establecidos nas bases reguladoras da Chamada a proxecto: Nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra dado que non consta Lema na solicitude nin no Portfolio presentados.

Segundo informe de data 14/07/2021 de conformidade coas bases reguladoras, unha vez presentadas as solicitudes de participación examináronse os portfolios presentados e aplicáronse os criterios sinalados na base 3 resultando as seguintes puntuacións:

Lema	Criterio 1 <sup>1</sup> (de 0 a 20)	Criterio 2 <sup>2</sup> (de 0 a 20)	Criterio 3 <sup>3</sup> (de 0 a 20)	Criterio 4 <sup>4</sup> (de 0 a 20)	Criterio 5 <sup>5</sup> (de 0 a 20)	Total
2021	6	5	6	6	6	29
Amarelo	5	5	6	5	6	27
Camaleónicos empedernidos	10	5	7	5	4	31
Cinco rúas	15	18	15	15	18	81
Classical way	5	5	5	5	5	25
Cooperativa de imaxe e comunicación	4	3	4	5	6	22
Diez de douscentas marcas	8	4	3	2	5	22
Enquanto ha forza	5	5	5	5	4	24
Identidade corporativa institucional	5	4	4	4	4	21
Indesign	15	15	15	15	15	75
Luscofusco	9	7	5	6	6	33
Marcas	6	6	5	5	5	27
Pensando en creativo	5	5	3	3	3	19

- 1 Experiencia en presentación de campañas de imaxes institucionais ou corporativas
- 2 Maior cualidade formal e artística dos traballos realizados e incluídos no portfolio presentado, avaliándose especialmente a súa orixinalidade e innovación formal
- 3 Capacidade demostrada ao través da súa traxectoria profesional, xulgada exclusivamente ao través do portfolio presentado, para a transmisión dos valores inherentes ás marcas, institucións ou corporacións das que se teña realizado traballos relacionados coa súa imaxe corporativa
- 4 Capacidade demostrada ao través da súa traxectoria profesional, xulgada exclusivamente ao través do portfolio presentado, para crear marcas claramente recoñecibles, cara a forzar unha imaxe corporativa claramente recoñecible das institucións ou corporacións das que se teña realizado traballos relacionados coa súa imaxe corporativa
- 5 Versatilidade das propostas de imaxe corporativa realizadas ao longo da traxectoria profesional, xulgada exclusivamente ao través do portfolio presentado, para adaptarse aos diferentes usos requiridos en cada caso, tanto en soporte dixital, papel ou corporeo, ou ben de aplicación sobre os distintos soportes e elementos de comunicación





Lema	Criterio 1 (de 0 a 20)	Criterio 2 (de 0 a 20)	Criterio 3 (de 0 a 20)	Criterio 4 (de 0 a 20)	Criterio 5 (de 0 a 20)	Total
Ravacholos, ravacholas e ravacholes	7	7	8	7	8	37
Rodchenko	15	15	10	15	15	70
Sicilia	10	7	7	6	6	36
Sr X	10	4	5	4	4	27
Tipontegrafías	4	3	4	5	6	22
Transversalidade no deseño	15	15	18	15	15	78
Traxectoria	6	5	3	2	2	18
Turoqua	8	7	7	7	6	35
Un castelo, unha ponte e mar	6	8	6	7	8	35
Uncial	8	6	4	4	4	26
Unha cidade humana	10	10	10	10	10	50
Vento	10	10	10	10	10	50
Verbena	5	5	3	3	3	19
Vila capital	10	6	6	6	6	34

A vista do anterior as catro solicitudes que acadaron maior puntuación e que polo tanto quedan seleccionadas para pasar a seguinte fase son as seguintes:

- 1.- “Cinco rúas” que obtivo un total de 81 puntos
- 2.- “Transversalidade no deseño” que obtivo un total de 78 puntos
- 3.- “Indesign” que obtivo un total de 75 puntos
- 4.- “Rodchenko” que obtivo un total de 70 puntos

A competencia en materia de contratación corresponde a Xunta de Goberno local do Concello de Pontevedra que en ata 15 de xuño de 2019 delegou no Concelleiro de goberno responsable da área de economía e facenda, Raimundo González Carballo, os contratos menores en todas as súas fases, polo que a vista do exposto, RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar as catro candidaturas que obtiveron maior puntuación na aplicación dos criterios establecidos na base 3 das reguladoras da presente Chamada a proxecto para participar na súa Fase 2 que son as que se corresponden cos seguintes lemas:

- 1.- “Cinco rúas”
- 2.- “Transversalidade no deseño”
- 3.- “Indesign”
- 4.- “Rodchenko”

Segundo.- Invitar as catro candidaturas seleccionadas a para participar na Fase 2

Terceiro.- O órgano de contratación acorda excluír a Raúl Bermúdez Domínguez por non cumprir a súa solicitude cos requisitos establecidos nas bases reguladoras da Chamada a proxecto: Nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra, dado que non consta Lema na solicitude nin no Portfolio presentados.





SECRETARIA E ASUNTOS XERAIS

Así o dispuxo e ordenou o Concelleiro responsable da area de economía e facenda, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2019, dando fe do acto o Secretario da administración municipal.”

#### RECURSOS PROCEDENTES

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado competente desta orde de Pontevedra, nos 2 meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación (arts 46 e 14 da Lei 29/1998). Non obstante, potestativamente, poderá interporse recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución, no prazo de 1 mes, contado desde o día seguinte ao da presente notificación (art. 124 da Lei 39/2015). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.

O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts 124 e 24.2 da Lei 39/2015). Neste caso poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

